

Pan secreto

O autor de *Pedro e as nubes*, *Ganapán das palabras*, *Dinosaurio Belisario* ou *Lúa de pan* vén de publicar en Alfaguara Obradoiro *O segredo do pan*, unha novela que ilustra Xan López Domínguez e que, asolagada dun profundo lirismo, trata de amar-sar-lles aos lectores cal é realmente o segredo dos moletes de pan que elabora Fermina Farina, a máis famosa panadeira do lugar.

O Forno “Fermina Farina” era famoso en todo o país pola exquisitez dos seus produtos e os clientes, cheos de paciencia, agardaban a ser atendidos pola dona da panadaría. Mais había algo que unha e outra vez se cuestionaban: cal era o segredo do pan que elaboraba “a conciencia e con moita dedicación e coidado” dona Fermina. Así que certo día a panadeira, guiada pola curiosidade, adéntrase no universo subterráneo do pan en busca de respostas e alí no Mundo do pan, ao que accede a través do forno, vivirá maravillosas experiencias.

Partido dun feito real -un pan delicioso que atrae a moita xente- Pepe Cáccamo crea un universo imaxinario onde teñen cabida a mestura de sensacións, a superposición de

Unha descuberta incesante



MARÍA NAVARRO



impresións, a asociación dislocada de sentidos ou mesmo o encontro de emocións que chegan ao lector en forma de fermosa narración, caracterizada quizais polo ritmo e musicalidade que imprime a escolla de termos, palabras e de determinadas expresións e que postos en boca dos personaxes cobran un atractivo especial.

O resultado vén a ser un texto que diría ofrece cando menos dúas lecturas: aquela que enxalza as virtudes dun alimento básico como foi e é o pan na nosa cultura e/ ou outra máis profunda que se fai tendo en conta que a viaxe da protagonista supón unha descuberta interesante e que afecta á concepción vital dun ser que fai do pan e de todo o que o rodea o obxecto fundamental da súa existencia. Entendendo con isto que quizais as grandes interrogantes que un se formula acerca de si mesmo ou do que o rodea atópanse no interior de cada un. Entón, para tal camiño eran necesarias tales alforxas? Penso que si, mentres nos sirvan para reflexionar e tirar conclusións!

CÁCCAMO, Pepe, *O segredo do pan* (ilustr. Xan López Domínguez, Ed.